

galego / español

a illa de arousa



unha illa chea de tesouros
una isla llena de tesoros



VEN Y DÉJATE LLEVAR

www.riasbaixas.org



Concello da
Illa de Arousa

índice

a illa de arousa	2
economía	4
a dorna	5
as bateas	5
parque nat. do carreirón	6
as praias/las playas	8
que ver/qué ver	10
o faro	10
o mirad. do con do forno	11
os muiños	12
a ponte	13
o museo das conservas e o muelle de pau	14
a igrexa; a virxe do carme	15
de ruta	16
a ruta dos cons	16
camilo otero	17
a ruta dos pilros	18
mapa de recursos	19
historia	20

Concello da Illa de Arousa
986 52 70 80
www.ailladearousa.es

Padroado de Turismo Rías Baixas
986 84 26 90
www.riasbaixas.org



O corazón da ría de Arousa, a máis ampla ría de Galicia, garda un distinguido tesouro: A Illa de Arousa, a máis grande e poboada illa da comunidade, con aproximadamente 5000 habitantes. Coa beleza característica das Rías Baixas galegas, esta illa da comarca do Salnés (Pontevedra), está unida á península por unha ponte de 2 Km de lonxitude (tamén unha das máis longas de Europa), dende 1985.

O mar é a súa principal fonte de paisaxe e de riqueza, e para describir a beleza desta Illa temos que recorrer aos innumerables contrastes que grazas a el a conforman. Espazo natural e pobo mariñeiro; vistas cara mar aberto e ría; máxicos amenceres e infinitas postas de sol; costa recortada e suaves montes. Todo decorado con imprevistos verdes e azuis, que custodian aos ocre e dourados da multitude de praias que encintan o seu contorno.





7

O 7 é para A Illa un número máximo / El 7 es para A Illa un número mágico:

extensión km² / extensión km²

silueta xeográfica / silueta geográfica

1997: consegue o seu propio concello / consigue su propio ayuntamiento

El corazón de la ría de Arousa, la ría más amplia de Galicia, guarda un distinguido tesoro: A Illa de Arousa, la más grande y poblada isla de la comunidad, con aproximadamente 5000 habitantes. Con la belleza característica de las Rías Bajas gallegas, esta isla de la comarca de O Salnés (Pontevedra), está unida a la península por un puente de 2 Km de longitud (también uno de los más largos de Europa), desde 1985.

El mar es su principal fuente de paisaje y de riqueza, y para describir la belleza de esta isla tenemos que recurrir a los innumerables contrastes que gracias a él la conforman. Espacio natural y pueblo pescador; vistas hacia mar abierto y ría; mágicos amaneceres e infinitas puestas de sol; costa recortada y suaves montes. Todo ello decorado con imprevistos verdes y azules, que custodian a los ocres y dorados de la multitud de playas que encintan su contorno.

a illa de arousa





economía mar

C

Os recursos mariños son a súa principal fonte de ingresos, destacando o sector mexilloeiro, o marisqueo a pé e a flote, ademais doutras artes menores de pesca.

A Illa conta con catro portos, o Porto do Xufre, o Porto da Ribeira do Chazo, o Porto do Cabodeiro e o Porto do Naval, todos eles destinados a actividades relacionadas co mar: principalmente a carga e descarga de **mexillón, ameixa, peixe...**

Froito desta economía e cultura mariñeira, a illa arrecende a salitre e a mar, ademais de ilustrarnos cos aromas da súa **gastronomía**, que homenaxea o que o mar lles ofrece.



E

Los recursos marinos son su principal fuente de ingresos, destacando el sector mejillonero, el marisqueo a pie y a flote, además de otras artes menores de pesca.

A Illa cuenta con cuatro puertos, el Puerto de O Xufre, el Puerto de A Ribeira do Chazo, el Puerto de O Cabodeiro y el Puerto de O Naval, todos ellos destinados a actividades relacionadas con el mar: principalmente la carga y descarga de **mejillón, almeja, pescado...**

Fruto de esta economía y cultura pescadora, la isla huele a salitre y a mar, además de ilustrarnos con los aromas de su **gastronomía**, que homenajea lo que el mar nos ofrece.

G Esta ancestral embarcación continúa a ser empregada, hoxe en día, polos nosos mariñeiros. A dorna, típica e tradicional e de procedencia viquinga, consiste nun bote de madeira para costear que se caracteriza pola súa vela cadrada, así como pola omisión de orza, facendo o mesmo temón a súa función.

a dorna



E Esta ancestral embarcación continúa sendo empleada, hoy en día, por nuestros marineros. La dorna, típica y tradicional e de origen viquinga, consiste en un bote de madera para costear que se caracteriza por su vela cuadrada, así como por la omisión de orza, haciendo el mismo timón su función.



as bateas

G Estas plataformas para o cultivo de moluscos, dominan a paisaxe que rodea á Illa de Arousa. Principalmente dedicadas ao cultivo do mexillón, atopamos nesta Ría de Arousa sobre 2000 plataformas que producen arredor do 70% do mexillón que Galicia exporta.

E Estas plataformas para el cultivo de moluscos, dominan el paisaje que rodea a A Illa de Arousa. Principalmente dedicadas al cultivo del mejillón, encontramos en esta Ría de Arousa sobre 2000 plataformas que producen alrededor del 70% del mejillón que Galicia exporta.



parque
natural
do


Carreirón

☐ Situado na cara sur da Illa de Arousa, o **Parque do Carreirón** é unha das tres brañas diferenciadas que conforman o **Complexo Intermareal Umia – O Grove – A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira**, zona protexida declarada Zona Húmeda de Importancia Internacional polo Convenio **RAMSAR** e Zona de Especial Protección de Aves (**ZEPA**). ☐ Situado na cara sur de A Illa de Arousa, el **Parque do Carreirón** es uno de los tres humedales diferenciados que conforman el **Complejo Intermareal Umia – O Grove – A Lanzada, Punta Carreirón y Laguna Bodeira**, zona protegida declarada Zona Húmeda de Importancia Internacional por el Convenio **RAMSAR** y Zona de Especial Protección de Aves (**ZEPA**).

☐ Trátase dunha **península** unida á illa polo **tómbolo das Salinas** e en **estado completamente puro con sendeiros** que a percorren. Nos seus **1´3 Km²** desfrutamos dunha **costa recortada** que dá lugar a diferentes **calas** e **praias** de area fina e puntas onde poder ver diferentes formas de penedos erosionados polo mar, a chuvia e o vento.

☐ Se trata de una **península** unida a la isla por el **tómbolo de As Salinas** y en **estado completamente puro** con senderos que la recorren. En sus **1´3 Km²** disfrutamos de una **costa recortada** que da lugar a diferentes **calas** y **playas** de arena fina y puntas donde poder ver diferentes formas de rocas erosionadas por el mar, la lluvia y el viento.

☐ Está constituído por **diferentes ecosistemas** de **rochedos, lagoas, marismas, piñeirais, matos** e **áreas dunares** e, compartindo con nós esta riqueza natural, podemos atopar multitude de aves que paran a descansar ou a criar alí no seu paso migratorio. Destacan diversas **especies de ánades, garzas** e **especies limícolas** como o **pilro**, ao que salientamos por ter dedicada neste parque unha **ruta de sendeirismo**. ☐ Está constituído por **diferentes ecosistemas** de **rochedos, lagoas, marismas, pinares, matos** y **áreas dunares** y, compartiendo con nosotros esta riqueza natural, podemos encontrar multitude de aves que paran a descansar o a criar alí en su paso migratorio. Destacan diversas **especies de ánades, garzas** y **especies limícolas** como el **correlimos**, al que resaltamos por tener dedicada en este parque una **ruta de senderismo** (“*Ruta dos Pilros*”, en gallego).



☐ Abocada ao mar en tódalas direccións, dos seus 36 km de costa, 11 deles decidiu a natureza que aquí se dedicaran a praias e calas. Facendo honra á súa condición de illa, contamos con máis de oitenta praias. Todas elas gozan do privilexio de seren diferentes e orixinais, no seu tamaño e forma, pero coinciden en ofrecer aos seus visitantes area branca e fina, augas cristalinas e o disfrute da natureza. Podemos atopar grandes areas como **A Area da Secada, O Bao, Camaxe**, ou **Xastelas**; pequenas calas íntimas como as de **Punta Carreirón, Sualaxe** ou **Os Espiños**; e outras de singular beleza e riqueza paisaxística como **O Faro, Espiñeiro** ou **Conserrado**... Son en xeral praias de gran afluencia turística debido á súa tranquilidade e transparencia.

☐ Abocada al mar en todas las direcciones, de sus 36 km de costa, 11 de ellos decidió la naturaleza que aquí se dedicasen a playas y calas. Haciendo honor a su condición de isla, contamos con más de ochenta playas. Todas ellas disfrutan del privilegio de ser diferentes y originales, en su tamaño y forma, pero coinciden en ofrecer a sus visitantes arena blanca y fina, aguas cristalinas y el disfrute de la naturaleza. Podemos encontrar grandes arenas como **A Area da Secada, O Bao, Camaxe**, o **Xastelas**; pequeñas calas íntimas como las de **Punta Carreirón, Sualaxe** u **Os Espiños**; y otras de singular belleza y riqueza paisajística como **O Faro, Espiñeiro** o **Conserrado**... Son en general playas de gran afluencia turística debido a su tranquilidad y transparencia.

☐ ▼ Merece tamén unha especial mención, pola súa salvaxe fermosura, o illote do Areoso, practicamente virxe.

☐ ▼ *Merece también una especial mención, por su salvaje hermosura, el islote de O Areoso, prácticamente virgen.*

as praias

las playas





A Area da Secada



Salinas



A Canteira

C As praias da Illa non só serven para gozar do sol e o baño. Ofrecen moitas outras actividades de lecer: Windsurf, piragüismo,

36 km de costa + de 80 praias e calas en 11 km

vela, dorna, esquí acuático, submarinismo...

36 km de costa + de 80 playas y calas en 11 km

actividades de ocio: Windsurf, piragüismo, vela, dorna, esquí acuático, submarinismo...

E Las playas de A Illa no sólo sirven para disfrutar del sol y el baño. Ofrecen muchas otras



A Lavanqueira



Punta Carreirón



Xastelas



Da Cova



o faro

que
ver
qué

G Lugar estratéxico para avisar ós mariñeiros, e tamén idóneo para os visitantes xa que existen diferentes formas nas súas rocas e calas tranquilas; podémosnos deleitar cun bo baño ao mesmo tempo que se contempla unha panorámica de toda a Costa do Barbanza e variopintos solpores.

E Lugar estratégico para avisar a los marineros, y también idóneo para los visitantes ya que existen diferentes formas en sus rocas y calas tranquilas; nos podemos deleitar con un buen baño al mismo tiempo que se contempla una panorámica de toda la Costa de O Barbanza y variopintos atardeceres.



miradoiro do cox do foño



C É o punto máis alto deste municipio (63 m) e dende aquí pode contemplarse unha panorámica de toda a illa, a ponte e os concellos veciños de Vilagarcía, Vilanova, Cambados, Meaño, Sanxenxo e O Grove. Está coroado cunha Imaxe do Corazón de Xesús, “O Santo”, dende 1962, tallada polo popularmente chamado polos arousáns “Mestre Mateo”. É unha escultura feita en cinco pezas.

E Es el punto más alto de este municipio (63 m) y desde aquí se puede contemplar una panorámica de toda la isla, el puente y los ayuntamientos vecinos de Vilagarcía, Vilanova, Cambados, Meaño, Sanxenxo y O Grove. Está coronado con una Imagen del Corazón de Jesús, “El Santo”, desde 1962, tallada por el popularmente llamado por los arousanos “Mestre Mateo”. Es una escultura hecha en cinco piezas.



os muiños

☒ A pesares da súa indiscutible ligazón co mar, hai na Illa dous exemplos claros da vida labrega dos seus habitantes: O Muíño de Mareas e o Muíño de Vento, os dous do século XV, e que coinciden no tempo coa introdución do millo en Galicia, para satisfaceren a demanda de fariña deste cereal. ☒ A pesar de su indiscutible ligazón con el mar, hay en A Illa dos exemplos claros de la vida campesina de sus habitantes: El Molino de Mareas y el Molino de Viento, los dos del siglo XV, y que coinciden en el tiempo con la introducción del maíz en Galicia, para satisfacer la demanda de harina de este cereal.



o muiño de mareas da seca

☒ Este muíño, situado na Enseada da Brava, é unha mostra da relación que houbo entre a terra, o mar e a vida cotiá dos illáns. É unha construción de pedra á que se accede por unha pequena “ponte” tamén de pedra. Aproveitase de pleamares e baixamares e ten tres moas; unha delas para moer exclusivamente trigo e as outras dúas, para o millo. ☒ Este molino, situado en la Ensenada de A Brava, es una muestra de la relación que hubo entre la tierra, el mar y la vida cotidiana de los isleños. Es una construcción de piedra a la que se accede por un pequeño “puente” también de piedra. Se aprovecha de pleamares y bajamares y tiene tres muelas; una de ellas para moler exclusivamente trigo y las otras dos, para el maíz.

o muiño de vento

☒ O Muíño de Vento, construído en pedra, está emprazado no Monte de Pedrouzos e foi utilizado como complemento deste cando non había marea que movese a súa maquinaria. Os mariñeiros utilizan como referencia afirmando “ó encubrir o muíño co Monte Bandeira non hai obstáculo para entrar en Vilagarcía”. ☒ El Muíño de Viento, construido en piedra, está emplazado en el Monte de Pedrouzos y fue utilizado como complemento del de mareas cuando no había marea que moviera su maquinaria. Los marineros lo utilizan como referencia afirmando “al encubrir el molino con el Monte Bandera no hay obstáculo para entrar en Vilagarcía”.



G A Ponte, de 2 km de lonxitude (unha das máis longas de Europa), que une A Illa de Arousa con Vilanova, foi inaugurada en setembro de 1985, despois dos duros esforzos do pobo arousán para a súa consecución. Con ela déixanse atrás anos en que os insulares se desprazaban por mar para ir a calquera outro lado da Península.

E El Puente, de 2 km de longitud (uno de los más largos de Europa), que une A Illa de Arousa con Vilanova, fue inaugurado en septiembre de 1985, tras los duros esfuerzos del pueblo arousano para su consecución. Con él se dejan atrás años en que los insulares se desplazaban por mar para ir a cualquier otro lado de la Península.



o museo da conserva e o muelle de pau

S. XVIII

C Chegada dos primeiros emigrantes cataláns á ría, que comezarán a industrialización do sector pesqueiro en Galicia.

E Llegada de los primeros emigrantes catalanes a la ría, quienes comenzarán la industrialización del sector pesquero en Galicia.

1843

C Juan Goday Gual, emigrante catalán, monta a súa fábrica de salga. **E** Juan Goday Gual, emigrante catalán, monta su fábrica de salazón.

1879

C Coñecedor das innovacións que se realizan no sector, pon en marcha a primeira fábrica de conservas de Galicia que adquirirá gran prestixio cos seus mercados no estranxeiro.

E Conoceror de las innovaciones que se realizan en el sector, pone en marcha la primera fábrica de conservas de Galicia que adquirirá gran prestigio con sus mercados en el extranjero.

1881

C O Rei Alfonso XII visita a fábrica. **E** El Rey Alfonso XII visita la fábrica.

1882

C A fábrica é nomeada provedora oficial da Casa Real. **E** La fábrica es nombrada provedora oficial de la Casa Real.

C A fábrica de conservas, recuperada por iniciativa municipal, forma parte da Rede de Turismo Cultural Galaico-Portuguesa e amosa o encanto vencellado ao labor das persoas no traballo do mar, memorando a dedicación dos seus cidadáns no traballo que transcorre arredor da pesca, dos portos e da industria.

E La fábrica de conservas, recuperada por iniciativa municipal, forma parte de la Red de Turismo Cultural Galaico-Portuguesa y muestra el encanto ligado a la labor de las personas en el trabajo del mar, recordando la dedicación de sus ciudadanos en el trabajo que transcurre alrededor de la pesca, de los puertos y de su industria.



Maqueta da antiga fábrica / Maqueta de la antigua fábrica

Vellas latas de Conservas Goday; presumen de se-la 1ª fábrica de conservas en Galicia / Viejas latas de Conservas Goday; presumen de ser la 1ª fábrica de conservas de Galicia



S. XIX


DE T
caico
CULTURAL

O de
or



📍 O muelle de pau é un peirao de madeira construído a principios do século XX para o servizo da fábrica de conservas de **Goday**. O seu uso era particular e alí atracaban os botes (tipo xeiteira) para a descarga do peixe que ía posteriormente por unha vía para a fábrica. Tiña un enreixado que se fechaba cando non era utilizada pola xente da propia fábrica, e quen o quixese usar tiña que pagar polo seu servizo. 📍 El muelle de pau es un muelle de madera construído a principios del siglo XX para el servizo de la fábrica de conservas de **Goday**. Su uso era particular y alí atracaban los botes (tipo xeiteira) para la descarga del pescado que iba posteriormente por una vía para la fábrica. Tenía un enrejado que se cerraba cando non era utilizado por la xente de la propia fábrica, y quien lo quisiera usar tenía que pagar por su servizo.

📍 A Igrexa Parroquial de San Xulián, de estilo Neoclásico, data de 1817. Ten planta de cruz latina, púlpito de madeira e bóveda de arista enriba do altar maior. 📍 La Iglesia Parroquial de San Julián, de estilo Neoclásico, data de 1817. Tiene planta de cruz latina, púlpito de madeira y bóveda de arista encima del altar maior.



📍 A Imaxe da Virxe do Carme (1984), cuns 3 m de altura, culmina o Paseo Marítimo do Cantiño, que podemos percorrer dende o porto do Xufre. 📍 La Imagen de la Virgen del Carmen (1984), con unos 3 m de altura, culmina el Paseo Marítimo de O Cantiño, que podemos recorrer desde el puerto de O Xufre.



a ruta dos cons

G Comprende o seu trazado unha traxectoria pola ZONA NORTE e a ZONA SUR da Illa, alternando ao seu paso zonas salvaxes como o Parque Natural do Carreirón, as praias, os miradoiros e as diferentes puntas que comprenden A Illa. Nesta ruta mestúranse camiños de terra, pedras, area e asfalto, o rural e o urbano, vida mariñeira e vistas panorámicas.


7 km; 4,30 h.

E Comprende su trazado una trayectoria por la ZONA NORTE y la ZONA SUR de A Illa, alternando a su paso zonas salvajes como el Parque Natural de Carreirón, las playas, los miradores y las diferentes puntas que comprenden A Illa. En esta ruta se mezclan caminos de tierra, piedras, arena y asfalto, el rural y el urbano, vida marinera y vistas panorámicas.

de ruta



Paseo de madeira camiño da Area da Secada; este tramo pertence á Zona Norte da Ruta dos Cons.
Paseo de madera camino de A Area da Secada; este tramo pertenece a la Zona Norte de la Ruta dos Cons.



Camilo Otero e as pedras



☒ A natureza (vento, choiva, mareas), é a grande escultora do granito da Illa de Arousa, deixándonos recantos de caprichosa e singular forma como o Con de Tres Pés, e moitos outros sen unha morfoloxía tan doada de catalogar. | A esta singular exposición de esculturas se lle suma a obra do polifacético artista Camilo Otero (1932–2003), único escultor ibérico recoñecido co Premio Bourdelle, que aquí na Illa, quixo deixar a súa pegada en esculturas tales como “Imaxe dun Home con Can”, feitas nunhas pedras situadas no Con do Forno, e a “Imaxe dunha Cara humana” nunhas rochas na Punta do Aguiúncho, así como algún outro traballo non localizado. ☒

☒ La naturaleza (viento, lluvia, mareas), es la gran escultora del granito de A Illa de Arousa, dejándonos esquinas de caprichosa y singular forma como el Con de Tres Pés (“*de tres pies*”), y muchos otros sin una morfología tan fácil de catalogar. | A esta singular exposición de esculturas se le suma la obra del polifacético artista Camilo Otero (1932–2003), único escultor ibérico reconocido con el Premio Bourdelle, que aquí en A Illa, quiso dejar su huella en esculturas tales como “Imagen de Hombre con Perro”, hechas en unas piedras situadas en O Con do Forno, y la “Imagen de una Cara humana” en unas rocas en la Punta de O Aguiúncho, así como algún otro trabajo no localizado.



a ruta dos pilros

☐ A **Ruta dos Pilros** discorre polo Parque Natural do Carreirón, na zona sur da Illa de Arousa. Durante o seu percorrido descubrirose moi variados ecosistemas: rochedos, pequenas e grandes calas, dunas, marismas e lagoas. Podemos gozar tamén coa contemplación de diversas aves acuáticas nas épocas migratorias. E, ao mesmo tempo, pódense observar os traballos en batea, a pesca de baixura ou o marisqueo a pé e a flote.

☐ La **Ruta de los Pilros** (“correlimos”) discorre por el Parque Natural do Carreirón, en la zona sur de A Illa de Arousa. Durante su recorrido se descubrirán muy variados ecosistemas: rochedos, pequeñas y grandes calas, dunas, marismas y lagunas. Podemos disfrutar también con la contemplación de diversas aves acuáticas en las épocas migratorias. Y, al mismo tiempo, se pueden observar los trabajos en batea, la pesca de bajura o el marisqueo a pie y a flote.

existen 2 rutas trazadas:

A. 2 km/1,5 h

B. 3,5 km/2,5 h



▲ O Pilro, o noso simpático protagonista / El correllimos, nuestro simpático protagonista

mapa de recursos

-  praia, cala
playa, cala

-  árbores, zona verde
árboles, zona verde

-  área de espaxemento
área de esparcimiento

-  aves migratorias
aves migratorias

-  paseo marítimo, senda peonil
paseo marítimo, senda peatonal

-  miradoiro, vistas
mirador, vistas

-  faro /faro


-  museo da conserva e muelle de pau
museo da conserva y muelle de pau

-  muíño de mareas da seca
molino de mareas de a seca

-  muíño de vento
molino de viento

-  porto
puerto

-  igrexa parroquial
iglesia parroquial



- ☞ Restos de poboamentos.
- ☞ Restos de poblados.

Emper. Octavio Aug. (27 a.c-14 d.C.)

- ☞ Asentamento en Punta Cabalo; práctica da salga de peixe.
- ☞ Asentamiento en Punta Cabalo; práctica de salazón de pescado.

Domiciano (81-96 d.C.)

- ☞ Necrópole do Campo dos Bufo; vila romana preto de Nasos.
- ☞ Necrópolis del Campo dos Bufo; villa romana cerca de Nasos.

- ☞ San Froitoso, en agradecemento, manda construír unha igrexa na honra de San Xulián.
- ☞ San Fructuoso, en agradecimiento manda construír unha igrexa en honor a San Julián.

835

- ☞ Afonso II doa esta illa aos vixiantes da tumba do apóstolo Santiago.
- ☞ Alfonso II dona la isla a los vigilantes de la tumba del apóstol Santiago.

912

- ☞ Ordoño II (rei de Galicia), doa a metade da Illa ao mosteiro de S. Martiño Pinario.
- ☞ Ordoño II (rey de Galicia), dona la mitad de A Illa al convento de S. Martín Pinario.

S. X

S. XI

S. XII

- ☞ Gunderedo (rei viquingo), toma as illas de Arousa e Cortegada como base dos seus desembarcos. Os viquingos asentáronse na illa pola súa condición estratéxica dentro da ría.
- ☞ Gunderedo (rey vikingo), toma las islas de Arousa y Cortegada como base de sus desembarcos. Los vikingos se asentaron en A Illa por su condición estratégica dentro de la ría.

970

- ☞ Expulsión dos viquingos.
- ☞ Expulsión de los vikingos.

1037-1066

- ☞ O bispo Cresconio ordena a construción de torres de vixilancia na ría por medo a posibles invasións. Canda as da Lanzada ou Catoira, na Illa de Arousa éríxese unha no actual barrio da Torre, dende onde se divisaba toda a ría.
- ☞ El obispo Cresconio ordena la construcción de torres de vigilancia en la ría por miedo a posibles invasiones. Como en A Lanzada o Catoira, en A Illa de Arousa se erige una en el actual barrio de A Torre, desde donde se divisaba toda la ría.

S. XIV

S. XV

S. XVI

S. XVII

S. XVIII

- ☞ Por orde de Fernando IV, os de Arousa quedan encargados de prover de aceite á lámpada da catedral de Compostela.
- ☞ Por orden de Fernando IV, los de Arousa quedan encargados de proveer de aceite a la lámpara de la catedral de Compostela.

1311

- ☞ “Os trece veciños”: reparto da Illa en 13 foros. Parece nacer aquí a idea de independencia territorial.
- ☞ “Los trece vecinos”: reparto de A Illa en 13 foros. Parece nacer aquí la idea de independencia territorial.

década de 1770

- ☞ Chegada de empresarios cataláns ás Rías Baixas; comezo da conversión das vilas mariñeiras en núcleos preindustriais.
- ☞ Llegada de empresarios catalanes a las Rías Bajas; comienzo de la conversión de las villas marineras en núcleos preindustriales.



S. XIX

S. XX

S. XXI

S. XXII

S. XXIII

S. XXIV

S. XXV

- ☞ “Juan Goday Gual instala a primeira fábrica de conserva de peixe de Galicia na Illa de Arousa.
- ☞ Juan Goday Gual instala la primera fábrica de conserva de pescado de Galicia en A Illa de Arousa.

1843

- ☞ A conserveira de Goday é nomeada provedora oficial da Casa Real.
- ☞ La conservera de Goday es nombrada proveedora oficial de la Casa Real.

fin. s. XIX - s. XX

- ☞ A Illa chega a contar con 11 fábricas entre conserveiras e de salga.
- ☞ A Illa llega a contar con 11 fábricas entre conserveras y de salazón.

1985

- ☞ Inauguración da ponte da Illa de Arousa.
- ☞ Inauguración del puente de A Illa de Arousa.

1997 (01/01)

- ☞ Consecución da autonomía da Illa de Arousa como concello propio.
- ☞ Consecución de la autonomía de A Illa de Arousa como ayuntamiento propio.

historia

f as festas

Os eventos máis relevantes ao longo de todo o ano son:
Los eventos más relevantes a lo largo de todo el año son:



O PATRÓN: O 7 e 8 de Xaneiro teñen lugar as Festas Patronais, sendo o día 7 o máis importante na honra ao seu patrón, San Xulián. / *El PATRÓN: El 7 y 8 de Enero tienen lugar las Fiestas Patronales, siendo el día 7 el más importante, en honor a su patrón, San Julián.*

O ENTROIDO: Festa de grande importancia para a xente; toda a súa poboación participa na creación de disfraces e carrozas. / *CARNAVALES: Fiesta de gran importancia para la gente; toda su población participa en la creación de disfraces y carrozas.*

FESTAS DO VERÁN: As Festas do Carme celébranse na segunda quincena do mes de Xullo. / *FIESTAS DE VERANO: Las Fiestas del Carmen se celebran en la segunda quincena del mes de Julio.*

FESTA GASTRONÓMICA DE EXALTACIÓN AO MEXILLÓN: Esta festa ten lugar no Paseo Marítimo do Xufre o primeiro domingo de Agosto. / *FIESTA GASTRONÓMICA DE EXALTACIÓN AL MEJILLÓN:*

Esta fiesta tiene lugar en el Paseo Marítimo de O Xufre, el primer domingo de Agosto.

FESTA GASTRONÓMICA DOS PRODUTOS DO MAR: O terceiro fin de semana de Agosto ten lugar esta festa no Paseo Marítimo do Xufre. / *FIESTA GASTRONÓMICA DE LOS PRODUCTOS DEL MAR: El tercer fin de semana de Agosto tiene lugar esta fiesta en el Paseo Marítimo de O Xufre.*

FESTA GASTRONÓMICA DA NAVALLA: Esta festa ten lugar o último fin de semana de Agosto no Paseo Marítimo do Xufre. / *FIESTA GASTRONÓMICA DE LA NAVAJA: Esta fiesta tiene lugar el último fin de semana de Agosto en el Paseo Marítimo de O Xufre.*

FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO: Festa que ten lugar o primeiro fin de semana de Setembro no Paseo Marítimo da Ribeira do Chazo. / *FIESTA GASTRONÓMICA DEL PULPO: Fiesta que tiene lugar el primer fin de semana de Septiembre en el Paseo Marítimo de A Ribeira do Chazo*

teléfonos

Concello da Illa de Arousa/
Ayuntamiento de A Illa de Arousa
986.52.70.80 / 986.52.73.00

Oficina Información e Turismo/
Oficina de Información y Turismo
687.80.71.09

Policia Local
986.52.70.80 / 605.97.85.20

Centro de Saúde/Centro de Salud
986.52.73.63

Biblioteca
986.55.10.39

Confraría de Pescadores/
Cofradía de Pescadores
986.55.11.07

Lonxa/Lonja
986.55.10.57

Criadeiro de Moluscos de Quilma/
Criadero de Moluscos de Quilma
986.68.64.06

Instituto Galego de Formación en
Acuicultura (IGAFA)
986.52.71.01

Oficina de Correos
986.52.71.95

Farmacia
986.55.10.91

Padroado de Turismo Rías Baixas
986 84 26 90
www.riasbaixas.org



Concello da Illa de Arousa
www.ailladearousa.es